





*IES AQUIS CELENIS*  
*MAIO, 2004 - Nº6*

**RUXE  
RUXE  
RUXE**



**Revista do Equipo de Normalización Lingüística**

¡¡¡Ola, amig@s!!!

Ola a tod@s, fill@s do hip-hop... ¡Benvid@s! O ruxe-ruxe deste ano é a saída deste novo exemplar da nosa revista que coma auga de maio cae nas vosas mans. Gracias aos colaboradores/as.

Este foi un ano con moito movemento. Fagamos memoria e escomezaremos por recordar o que foi o cabodano do afundimento do Prestige, aínda recente; ese fuel foi achegándose en manchas diversas á nosa sociedade: o machismo que mata; a lingua cortada; as mortes por violencia exercida dende países chamados “demócratas”. Polo medio aínda tivemos o noso entroido e unha chea de bos momentos como o do camiño ao revés organizado por areanegra, no que festexamos que un outro mundo é posíbel. Nós queremos ver xa, así que vos deixo ante estas follas, adentrádevos no noso universo compartido, viaxade a través do tempo para ver certas fotos, e prestade atención ás palabras. Ningunha palabra carece de importancia, cada unha é un organismo vivo mutante, con millóns de células no seu interior. Palabras que comparten un mesmo sangue vermello que as iguala, e deixamos o nobre azul para o noso mar. Se non comprendedes todo o que vos estou a dicir, creo que daquela non entededes o galego, ¿ou é que non o falades en pagán? Pois iso, a ruxir coa nosa lingua, ¡xa lle gustaría a ese Mick Jagger ter unha coma a nosa! Ha.

Tamén debemos informaros de que as gañadoras do concurso literario deste ano foron Alba Búa Nieto (en poesía) e Isabel Conde Pais (en narrativa), ambas de 2º de Bacharelato A.

En canto ás fotos, seguro que estades a alucinar con estes nenos e nenas abducidos noutros tempos. ¿Serán os vosos pais e nais?, ¿xente dunha secta disposta a “darvos caña”?, ¿ou só serán profes e profas na flor da súa vida? A resposta está no vento e as preguntas fanas eles e elas...

A redacción

**I.E.S. AQUIS CELENIS**

**CALDAS DE REIS**

Contidos:

Machismo	2
Dúas personalidades	3
Igualdade	4
Cassius Clay...	6
Por qué mentimos	8
Aulas para non...	10
Viaxe a Lugo	12
Banda deseñada	14
Sentimento de...	15
Encrucillado	16
Outros muros para...	17
O hip-hop	18
As maiorías	19
Prexuízos contra...	20



# MACHISMO



¿Quen diría que no século XXI poderíamos seguir tolerando a actitude dos xa tan coñecidos "machitos ibéricos"?

Pois si, todas sabemos que non debería ser así pero á hora da verdade deixámonos dominar por tan estendida especie.

¿E a culpa de quen é? Non é toda deles, a maior parte parece ser das mulleres que dunha maneira ou outra o aceptamos.

Se antes o problema era a educación, hoxe en día partimos da base dunha educación igualitaria; sen embargo basta con botarlles un vistazo ás cifras de vítimas de malos tratos e darse de conta de que o problema se-

gue aí, ningún lle atopa solución e, o peor de todo, cada día vai a máis.

Este é un problema complicado porque cando parece que as mulleres entendemos, aceptamos e denunciemos a nosa penosa situación, hai un incremento do número de mortes. Podemos ver así que o problema non é só noso, que o silencio xa non é a nosa resposta, pero tampouco debería selo do resto da sociedade. Para atopar unha solución debemos partir da condena deste tipo de actitudes.

No mundo laboral, aínda que pouco a pouco, imos alcanzando postos de máis alto rango, pero ¿cando a presidenta do goberno será unha muller?, ¿cando nos darán a alegría de ter o mesmo salario ca un home no mesmo posto de traballo?, ¿cando deixaremos de ter que elixir entre ser nai e seguir traballando fóra da casa? Se non nos unimos e loitamos, ¡NUNCA!

Nunha sociedade en aparencia cada vez máis aberta ideoloxicamente unha muller ten que facer de nai e ama de casa ademais de traballar fóra desta; o que nós pedimos é a igualdade; ¿ou acaso un home non é pai, ou non ten a mesma capacidade e obriga de limpar? SI, é algo tan simple coma isto, que calquera en principio debería entender, pero se eles non o entenden e nos non llelo facemos entender, perdurará indefinidamente.

Abonda con mirar calquera anuncio de televisión ou dunha revista para decatarnos de que non é que este home sexa machista e aquel non senón de que a nosa sociedade é machista, comezando pola aceptación da utilización da muller-obxecto. Estamos nun mundo en teoría igualitario, polo tanto deberíamos partir da base de que, cando se atenta contra a integridade dunha persoa, non debería influír o feito de que fose home ou muller para xulgallo ou xustificalo.

Alexia Rodríguez Lemos, Vanesa Fuentes Melio e Carmela Serantes Abalo. 2º D



# Dúas personalidades

Na casa dos Figueiroa había esperanzas de que hoxe non volvese pasa-lo de case todos os días. Tardaba bastante e iso daba mala espiña. Eran as once e media cando meteu a chave no cerrollo e virouna. Abriu a porta e entrou na cociña non moi ben equilibrado. Sentou á mesa e pediulle á súa dona a cea con malos xestos:

- María, dame a cea dunha vez. Xa ma tiñas que ter posta na mesa. Pareces parva.
- Si, si, si. Toma, aquí tes, Manolo.
- ¡Buagggg! Qué merda de cea, María. Non serves para nada. A cea está fría.

Tirando o prato da comida ó chan, Manolo saíu rosmando da cociña e indo cara ó cuarto dos cativos.

María, chorando na cociña, rezaba polos seus fillos para que non lles fixese nada. Manolo chegou ó cuarto e alí os dous cativos, temerosos de medo, rezaban como a súa nai para que non lles pasase nada. Todos estes rezos non serviron de nada pois Manolo comezou a insultalos e dándolles azoutas sen ter por qué. Despois deste malísimo acto, Manolo foi para o seu cuarto a deitouse na cama, mentres os dous cativos de dez e doce anos quedaron a chorar e a lamentarse.

Pasou o resto da noite e por fin amañeceu. Xa se respiraba outro aroma no ambiente. Os paxaros cantaban con harmonía e o sol brillaba con forzas entre os carballos.

Era domingo e entón a familia Figueiroa almorzaba xunta.

- Bos días, María. Bos días, nenos. - dixo alegre Manolo-
- Ola, meu amor, bos días -respondeu María-
- Bos días, papá. - dixeron á vez os cativos.
- ¿Que vos parece se hoxe imos á misa, e despois imos pescar, rapaces?
- Si, como non.
- Entón ás dúas estamos de volta. - afirmou Manolo-
- Adeus, mamá. - dixo Xoán.

Aló marcharon toda a mañá e voltaron á dita hora. Xantaron e despois díxolles Manolo ós dous nenos:

-Se queredes, podedes ir xogar con Marquiños. Túa nai e mais eu imos ir dar unha volta á cidade. Voltaremos á noite. Vós voltade á mesma hora.

Así o fixeron; e ese día, como outros escasos, foi marabilloso para María, Xoán e Xabier porque non sufriran violencia ningunha, pero todo cambiou ó día seguinte.



Patricia Bacariza Martínez, 4º ESO



# ¿IGUALDADE?

Tema delicado é este; un tema co que moitas persoas poden sentirse incómodas porque se senten discriminadas. Nun principio parece que ninguén ten a culpa, pero, ¿como chegar a dicir iso se xa nas propias aulas e nas casas se inflúe no futuro dunha sociedade na que se seguirá ensinando con diferencias segundo sexan rapaces ou rapazas?

Todo o mundo concibe a igualdade, mais ¿que se interpreta por igualdade? Enténdese que os rapaces e as rapazas teñen as mesmas oportunidades para estudar ou para traballar; pero non só oportunidades senón tamén os mesmos deberes e os mesmos dereitos na educación, a seren educados por igual; a non seren discriminados.

Non podo chegar a entender cómo eses profesores e pais, ou o que é peor, as profesoras ou nais, nos tratan de forma diferente só por sermos homes ou mulleres. Eles, que viviron nas súas propias carnes a desigualdade, unha desigualdade que foi peor, xa que podemos presumir de que estamos facendo camiño pero tamén nos pode dar moita vergoña que nos quede aínda un longo camiño por percorrer.

Xa naqueles tempos nos que as mulleres non podían estudar sabendo que todos fomos creados para sermos iguais, para convivirmos por igual, ¿por que non as deixaban estudar? Non podían saír, soamente podían traballar e traballar; claro que podían traballar, pero na casa. E eses homes, ¿por que non querían que as mulleres se puidesen preparar? Eu creo que tiñan medo; dende sempre se creu que a muller podía menos, pero que a maioría, non todas, teña menos forza bruta non quere dicir que non posúa outros poderes para poder gobernar igual ou mellor unha casa, un concello, un país, ou, ¿por que non?, o mundo enteiro.

É incomprendible que nos libros de texto de linguas os exemplos sexan: “El xoga co balón e ela, coas cociñas” ou “Papá mira o fútbol mentres mamá fai a comida”. Pero os outros libros de texto tampouco quedan atrás, poñendo exercicios como: “Sabendo que Pedro está entre a cociña e o salón mirando como na cociña está a súa nai traballando e no salón o seu pai mirando a televisión, ¿a onde chegará antes se a forza de rozamento...?”. ¿Non é eso influír nos rapaces e rapazas? Pódese agradecer que aínda haxan algúns profesores e profesoras que defendan os dereitos das mulleres, da igualdade, ao denunciaren as imprudencias dos escritores; eses mesmos dereitos que outros moitos profesores esquecen completamente.

Son situacións coas que non se pode. ¿Por que, se es muller, non che poden gustar os deportes como o fútbol, o baloncesto, etc.?; e, ¿por que se es home che teñen que gustar? Pois non, eso rematou. É intolerable que, por seres muller e se che dean ben os deportes, teñas que aturar que che pregunten se é que estás nun equipo tendo ó lado a un compañeiro que poida que xogue mellor ca ti e non se lle pregunte nada. Pois si, eso ocorre: a min mesma me pasou. Eu non son unha das que aturan as desigualdades. Xa cando era pequena na miña clase na hora de Educación Física ás rapazas permitíaselles que non corresen, que non xogasen ao fútbol, etc. Pero, ¿como eu podería chegar a que me respectasen como calquera outra compañeira ou compañeiro se permitía esas desigualdades? Decidín facer o mesmo cós meus compañeiros mentres as miñas compañeras estaban sentadas nas escadas mirando cómo corriamos nós. É moi fácil esixir igualdade cando non se nos permite facer algunhas cousas e non pedila cando somos nós as beneficiadas. Agora, que xa pasaron varios anos e con distintos educadores, ocorre algo parecido: á hora de practicarmos algún deporte séguennos xebrando por sexos. A resposta é que os homes xogan mellor, teñen mellor condición física, etc.; mais é imposible que nunha clase de vinte persoas, dez homes e dez mulleres, todos os homes xoguen igual de ben e todas as mulleres igual de mal. Eu creo que non merezo eso despois de tanto esforzo respectando os meus deberes para que os demais respecten os meus dereitos e non me separen dos meus compañeiros nin compañeras.


Tamén creo que a educación se aprende na casa e a verdade é que moitos pais non influen demasiado ben. Teño algunhas amigas con irmáns que na casa non se tratan igual; o seu irmán pode saír dende bastante novo mentres ela segue na casa; el remata de comer e vai ver a televisión ou

dar un paseo mentres ela recolle a mesa e lava a louza; ela ten que limpar o po, facer a cama, varrer, etc. e el, como moito, vai axudar a traballar nunha leira ou no monte. Son incomprensibles estas situacións familiares. ¿Como se poden sentir estas rapazas que son discriminadas nas súas propias casas, polos seus propios pais? É comprensible que eles non fagan nada por solucionar estas situacións, a vagancia e a comodidade é bastante normal na xuventude desta sociedade. Pero o pouco que poidan facer para o único que valla é posiblemente para crear unha gran tensión rematada coa única culpable, a rapaza, e sen solucionar ningún problema dos moitos que ela teña; ela soamente pode sufrir impotencia e dor xa que estes feitos fan que elas se sintan inútiles, e non porque o sexan pois son as que máis traballan; pero se só poden facer o que se lles impón...

Este constitúe un gran problema da sociedade, como a normalización lingüística, que todo o mundo desexa que se aplique na práctica o máis pronto posible pero pola que ninguén fai nada por promocionar. Mais estas situacións non se solucionan poñéndollo agora mais fácil á muller senón simplemente tratándonos iguais ós nenos e ás nenas, ós rapaces e ás rapazas, ós homes e ás mulleres.

Esperemos que dentro duns anos, ogallá que non moitos, a sociedade non teña diferencias, tanto de sexos coma de razas. Que os rapaces e as rapazas reciban na súa casa e na súa escola a mesma ensinanza, que teñan os mesmos deberes pero tamén os mesmos dereitos, e así vivamos un mundo no que as diferencias sexan soamente algo exterior e convivamos unidos nunha sociedade que sexa de persoas e non de homes e mulleres, para que sexamos unha piña de xente unida para que academos unha sociedade moito máis feliz.

Lucía Búa Devesa 1º Bach. A



## DISCRIMINACIÓN DA MULLER

¿Como podemos explicar que no ano 2004 aínda exista discriminación sexual de cara ás mulleres? Non se sabe. Moita xente pensa que a discriminación non existe, ou simplemente actúa de cara á galería; se non, ¿como se pode explicar que unha muller cobre menos ca un home realizando os dous o mesmo traballo? É algo incomprensible.

Pero para ver discriminación non nos temos que fixar só nos cartos que gañan senón no traballo que desempeñan. Se se mira un diario calquera e imos á zona de emprego, pódense ver anuncios como este: "Búscase empregada do fogar con experiencia. As interesadas chamar ó tel...", ou "Búscase secretaria con experiencia para levar unha oficina de grande importancia. Interesadas chamar ao tel... ¿que pasa? ¿é que só podemos contratar mulleres para certos cargos porque xa pensamos directamente que son desempañados por mulleres, ou porque son o "sexo débil" e podemos abusar ben delas e explotalas?

Vivimos nunha sociedade machista e estamos a demostralo continuamente. Un caso típico é o da muller que traballa fóra coma o marido, pero ó chegar á casa ¿quen fai a comida ou as tarefas do fogar? Pois a muller. Ou, se unha muller non ten traballo fóra da casa, ¿por que non pode ter un soldo digno como os demais? ¿Ou é que cocinar, limpar, coidar os nenos, ir á compra... non é un traballo como outro calquera?; non, é un traballo máis duro cós demais, pois ocúpalles vinte horas diarias. Ata que non nos conciencemos, a nosa sociedade non cambiará.


Alexandre Magariños Durán 1º Bach. A

# CASSIUS CLAY VS MOHAMED ALÍ



Sen dúbida ningunha a pelexa máis importante na vida do mellor  
boxeador de tódolos tempos

O 17 de xaneiro de 1942 naceu Cassius Marcellus Clay Jr., en Louisville (Kentucky). Fillo dun pintor de carteis e dunha asistente, con 14 anos gaña as Luvas de Ouro de Kentucky en semipesados ao derrotar a Jimmy Ellis. Kent Green, un boxeador maior, noquea a Clay no segundo asalto por primeira vez. Despois diso gaña as Luvas de Ouro de Chicago e os campionatos de UANA. En 1960 entra na selección de boxeo de EE.UU. Nos Xogos Olímpicos de Roma leva o ouro olímpico en semipesado. Faise profesional; o seu récord de amateur é fabuloso: 108 pelexas e oito derrotas. Os seus números dino todo. No 64 comeza a gran polémica: despois de gañalo título mundial dos pesos pesados ao vencer a Sonny Liston en Miami. Un día despois de acadalo título, Clay declara a súa conversión ao Islam, declarando: "Xa non son cristián". Rebautízase como Mohamed Alí e comeza unha xira por África durante un mes. Polo 1965 Liston



pediu a revancha, o 25 de maio, e non durou nin un asalto. Foi o famoso golpe pantasma.

No 66 a guerra con Vietnam empeora para os americanos e revisan os requisitos de recrutamento militar. Clasificano apto para o servizo pero el responde: "Eu non teño nada en contra dos *vietcong*". A súa resposta foi moi polémica. Defendeu o título cinco veces en oito meses. Un KO tras sete asaltos contra Zorah Foie no Madison Square Garden é a última pelexa antes da revogación da súa licenza de boxeo; retíranlle o título mundial. Un xurado formado só por brancos condénao por desertor: cinco anos de prisión e multa de dez mil dólares. Retíraselle o pasaporte. Isto sucedeu no 67. Na pelexa do século e ntre os "campións do mundo invencibles", Alí e Joe Frazier enfróntase por cinco millóns de dólares. Frazier derriba a Alí cun gancho de esquerda brutal no último asalto. Foi en 1971. En 1974 Alí vence a Frazier na súa segunda pelexa no Madison Square Garden; Frazier perde o título mundial ante George Foreman. O 30 de

outubro, Alí volve ser campión do mundo. O famoso ruxido na selva de Kinshasa (Zaire) segue sendo o acontecemento máis célebre da historia do boxeo. Foreman era favorito, pero Alí derrubouno no oitavo asalto. No 78 en Las Vegas perde o título de pesos pesados ante o ouro olímpico Leon Spinks, que só acumula sete combates como profesional. Na revancha, Alí gaña. É o primeiro peso pesado da historia en ser tricampión do mundo.

Foi en 1981 cando un envellecido Alí perde ante Trenor Berbick. É a fin. Ten case 40 anos. "É hora de enfrontarme aos feitos", declara, "o pai tempo alcanzoume". Das súas 61 pelexas profesionais, só cinco son derrotas, e tres delas nos últimos catro combates. Moitos son os que soben ao ring esperanzados, pero poucos son os elixidos. Alí, o grande elixido non só foi un boxeador excepcional senón que pola súa presenza e as súas ausencias marcou para sempre a sociedade americana que lle tocou vivir. Zoupouna e zarandouna sen miramentos pola súa cor de pel.



Cando fulgurantemente apareceu no planeta dos puños, Cassius Clay colgou ao pescozo a medalla de ouro dos Xogos Olímpicos de Roma no 60. Esta medalla foi botada anos máis tarde polo propio púxil nun momento de odio cara á súa sociedade dunha ponte embaixo en Louisville, a súa cidade natal. “Metinme no boxeo”, comentaba duramente, “porque me parecía o modo máis rápido co que un negro podía abrir camiño nos Estados Unidos. A escola non se me daba ben, tampouco podía xogar ao baloncesto nin ao béisbol, pois para iso hai que ir á universidade”. Logo veu a súa conversión ao islamismo, o seu rechazo a servir no exército, Elijah Mohamed e o asasinato de Malcom X, ademais do castigo e a consternación ante a prohibición de boxear.


Os puños letais de Alí chocaron con dúas xeracións de excelentes pesos pesados que el destrozou sen miramentos, crucificándoos no cuadrilátero: Floyd Patterson, Sonny Liston, Foreman, Lavorante... e as esperanzas brancas: Chualo, Henry Cooper, Brian London e Karl Mildenberger, destrozadas polas mans do rei de reis. Derrotou tamén o seu particular “tío Tom”, Frazier. Fou condenado a cinco anos de cárcere e 10.000 dólares de multa, a pena máxima. Despois dunha interminable batalla xudicial, o Tribunal Supremo deulle a razón, pero os mellores anos xa pasaran de longo.

Mais todo isto non impediu que no 74 ocorrese un suceso bastante polémico. Alí ía enfrontarse contra Foreman en Zaire. Este era o favorito para gañar esta pelexa, pero Alí ridiculizouno tanto antes do combate coa prensa coma no cuadrilátero. Uns días antes do combate, Alí organizou unha entrevista onde tiña uns papeis que percorrían a traxectoria dos dous. Alí comentou moi orgulloso as súas 29 formidables pelexas, ata o momento, e os seus quince KO en contra dos cinco combates de Foreman e ningún KO. Nesta entrevista insultou a prensa chamándolle inculta por pensar que Foreman ía derrotar a Alí só porque este estivera retirado forzosamente do boxeo, e poñíano como claro vencedor. Como non, Alí foi implacable e derrotouno despois de oito asaltos, gañando de novo o título mundial unha década despois de obte-lo título por primeira vez. O famoso ruxido da selva de Kinshasa (Zaire) segue a se-lo acontecemento máis célebre da historia do boxeo. Despois de todo o que sufriu, nin a súa longa enfermidade, o Parkinson, foi capaz de derrotalo aínda e puidémolo ver prendendo a chama olímpica no 96 en Atlanta. No 2001 concedeu unha entrevista na que pediu perdón por tratar mal moitos contrincantes poñéndoos en evidencia, e tamén as súas catro esposas.

Por todo isto, a súa vida, a súa carreira como boxeador, levouse a cabo o proxecto GOAT (Greatest Of All Time (o máis grande de tódolos tempos)) un proxecto de 800 páxinas con 3.000 imaxes no que participou o propio Alí xunto a decenas de escritores e fotógrafos. Só se editaran 10.000 exemplares.

A información aquí recompilada pódese ver en: *The Kandy-Colored Tangerine Flake Streamline Baby*; unha publicación do magazine *Esquire* en maio de 1970; no libro *La pelea* de Norman Mailer, publicado en 1997, e en *The Greatest: my own story*, autobiografía de Alí escrita por Richard Durham; as fotos e moita información bibliográfica, en “EL PAÍS SEMANAL”, número 1411.

Alexandre Magariños Durán 1º Bach. A



# POR QUÉ MENTIMOS



Monólogo ganador do concurso deste ano por Kiko Conles Santaya

Primeiro, ¿que é unha mentira? É unha cousa que se di sabendo que non é verdade, ou sexa, a forma fácil de librarte dunha tunda.

E a ver, ¿por que dicimos que as mentiras son malas? Eu creo que as mentiras en certo modo están ben, ou, se non, ¿como sairías dunha situación na que a túa parella te ve bicándote con outra?:

*(facer que estou bicándome con alguén)*

*(voz de muller)-¿Que fas?*

*(Eu)-E, e.....esto,non é o que parece.*

*(moza)-Que non é o que parece...que non é o que parece...*

*(Eu)-Pois si, eu ía andando tan traquilo, cando de repente tropecei cunha pedra, apareceume este bicho diante e sen querer craveille a lingua nun dente.*

*(moza)-Pero ti fasme paaaaaarva ou que?*

*(Eu)-que si, home, que si, que é verdá*

*(moza)-vale supoñendo que é verdá, ¿por que che tiña a man aí abaixo?*

*(Eu)-¿Onde? (botando a man ós collóns) Aquí!!!. Non, non, non, perdoa. Non me estaba tocando esto, estábame tocando o pantalón que dicía que lle gustaba moito.*

*(moza)-Si, si, a ela o que lle gustaba era o que tiñas dentro, non o pantalón,... ou pensas que non te coñezo "pajaro"?*

Como vedes nestes casos, o mellor é mentir, ¿por que? Porque ó mellor cheghabas á casa cos ollos inchados, cos dentes partidos, e ao mellor, se tes un pouco de sorte, ao mellor ata non lle fai moito dano ao membro de abaixo.

Despois está a persoa máis mentirosa que coñecín: Dios. É que este tipo é un bolassss..., di que creou o universo en sete días, que inundou a terra non sei canto..., e o pavero é que todo dios o adora. Na Biblia di que todo isto son "pará-bolas". Si ata o di a palabra, para\_bola, para\_bola. Bóla = a trola, está claro, o que dios botaba eran trolas, o que eu che digha, para bólas, dios.

Despois está a música que foi inventada para esas persoas que non teñen ganas de bailar, os boleros. Se ata na mitoloxía había seres que xa a cara deles dicía que eran mentireiros, si non que eran os troles..., eran troleiros.

Seguindo co das mentiras, topamos cos nosos familiares, que, ¡claro! tamén nos din que as mentiras están mal. E eu preghunto, ¿por que?, se eles empezan a dicirnos mentiras desde o primeiro momento no que nacemos. Por exemplo... Acabas de nacer, cóllete teu pai en brazos e diche: -Meu fillo es o mellor que me pasou na vida-. Si, pero por dentro ha de estar a dicir el: -¡¡Dios, por que me rompería o condóóónnnn!! (Suplicando)

Logo está a túa avoa, que, claro, é a avoa, e como é de saber as avoas son as avoas; esas persoas que che dan de todo, desde gholosinas... ata cartos pra cubatas..., só que, claro, o problema vén despois cando che di:

*-(voz de muller) Quen lle vai dar un biquiño á avoa???, e case sen darte de conta, ves vir unha enorme masa de pel colgando toda maquillada e quéreche dar un bico, e neste preguntaste ti:*

*-(Mirando pra arriba e suplicando)¿Por queeee? ¿por que?, qué fixen eu para merecer esto. E neste intre ves vir unha enorme ventosa cara á túa cara, e dis ti: -¡Que é eso!! ¡É un paxaro, é un avión!. Non, son os labios de túa avoa que te veñen a chupar. E cando remata de chuparte, aínda che di:*

*-¿Queres outro?, meu pichuquiño. E dis ti:*

*-¿O que?, ho, prefiro morrer á fame.*

Aínda que o aspecto das nosas avoas pase desapercibido para nós, elas tamén son moi menti-

reiras, ¿ou que pensades vós que ha de estar a dicir ela por dentro cando nos ve por primeira vez?:  
(voz de muller)-¡¡Ai que cousa mais bonita!! –Pero ela fixo que ha de estar a dicir por dentro:  
(voz de muller entrerrindo) –Si, si, ri, cabrón, ri que total non vas chupar un peso.

Ou o caso das túas nais, esas persoas con cara anxelical, alghunhas, que cando che ían quitar o cueiro, sempre che dicia pra que non chorases:

(voz de muller)-¡¡Ai, que ben cheira!!- pero ela ha de estar a dicir por dentro:

-Bufffff, pero a ti que che dan de comer na casa, amigho...

Outro punto culminante da nosa vida, no que xa empezas a comprender as mentiras, e sobre todo para qué se usan... é cando vas ter un irmán. Túa nai está preñada, e, claro, ao verse ghorda, sempre lle preghunta ao teu pai:

(voz de muller)-¡Manolo!! Ti cres que estou ghorda?- Teu pai, claro, queda mirando cunha cara coma se vise o lobo, e, claro, pra safar, sóltalle a mentira máis coñecida:

(voz de home)-¡Que va!! ¡Jorda!! ¿onde estas jorda!!!? Que va , que vas estar ghorda, estas de puta madre. E teu pai, fixo que está partindo o cu por dentro dicindo:

-BUFFFFFFF!! Vaia cachalote!!


Ben, con todo esto non me diredes que as mentiras están mal, porque mirade, se non existisen as mentiras, non habería avogados, nin estafadores, nin sequera curas. E diredes vos, ¿por que os curas? Porque os curas o único do que viven é do conto, que se roubou cartos porque dios se lle aparecera nun soño, ou cousas así... ¿Sabedes por que?, porque nos queren quitar os cartos. Ou vós non vos destes de conta de que sempre que se despiden, sempre din:

-Ala, vaite con dios- Pero traducido quere dicir:

-Ala, a ver se vas con dios dunha puta ves, que quero cobrar o enterro.

Ben, deixemos de lado este tema e pasemos ao que en realidade importa: ¿Como usamos nós as mentiras? Por exemplo, no caso de que a túa titora che diga:

(voz de muller intelectual) -Estás faltando mucho a clase, y te voy a tener que llamar a casa, porque ya tengo aquí tu número de teléfono.Y además, con lo poco que vienes a clase..., es que no haces nada.



Nesto empezas a matinar e a dicir:-A ver qué lle digho a esta tipa aghora. Cando xa tes pensada unha boa trola, dislle:

-Haaaaaa!! Chama, chama, total, o número de teléfono que che dei é falso. Pero ben, eu, profesora, prométolle non volver a faltar máis, e a atender na clase. (*levantando a cara e mirando prá xente*).

Vale, e para rematar, a desculpa que sempre usamos cando chegamos tarde á casa:

(voz de muller)-¡ ¡Como cheghas tan tarde!!

(eu)-Bufff, se che conto o que me pasooou... Mira, eu viña tan tranki prá casa no taxi e, de repente, ¡!bumbaaa!!! pícase unha roda. Ben, despois de arrehlala, viñamos outra vez tan traquilos prá casa e... !!Ala, caralloooo!! Tropezamos cun leghón con peghatinas, e aínda pra colmo, despois de esquivalo ¡! alaaaaa!! atopamos un extraterrestre facendo dedo; e, claro, como son tan bo, pareille. Pero, claro, botamos moito tempo porque non daba o troncho!! –ou movidas chungas destas que che poden pasar a calquera ora, en calquera momento e en calquera sitio.

¡¡¡¡A rañalaaaaa!!!!

By: Gallineitor

# AULAS PARA NON ESQUECER

No cabodano do Prestige o ensino galego e o Aquis Celenis fixeron memoria.

Esta era a páxina de areanegra nesas datas:

Un ano despois, NON ESQUECEMOS.

A memoria é o noso mellor libro de texto.

E o Prestige segue aí, no Sufrimento.

Todo o que aprendemos nun ano, todo o que sentimos, todo o que descubrimos fica na aula da Experiencia.

Abramos o caderno da Actualidade.

Queremos seguir aprendendo por qué sucedeu todo isto, o que aínda non aparece nos libros de texto, o que xa non se ve na televisión.

Un poema de Chus Pato, palabras de Manuel Rivas, unha foto de Ribao, un debuxo de Miguelanxo Prado, unha canción de Ruxe Ruxe, unha viaxe pola web da Plataforma Nunca Máis ou calquera palabra, imaxe e testemuño do que sucedeu, do que está sucedendo.

A Coordinadora de Ensino Area Negra FAI UN CHAMAMENTO AO MUNDO DO ENSINO.



365 días despois, queremos seguir aprendendo e **NON ESQUECEMOS**.

O vindeiro 13 de novembro o alumnado e o profesorado de Galiza volveremos aprender da lección do Prestige:

**MAREAS NEGRAS NUNCA MÁIS**

DESENVOLVAMOS ACCIÓNS EDUCATIVAS SOBRE A CATÁSTROFE DO PRESTIGE, arredor das Mareas Negras, o movemento cidadán, a ecoloxía, etc.

**PORQUE SOMOS A XERAZÓN DO PRESTIGE, E SABEMOS QUE AS COUSAS NUNCA SERÁN IGUAL...**

**NUNCA MÁIS!**

Atentado ecolóxico, control da información, irresponsabilidades políticas, **NUNCA MÁIS!**


Nós, profes, nós, alumnos e alumnas, sabemos que a nosa APRENDIZAXE pode cambiar o futuro: VERDADE, LIBERDADE, EDUCACIÓN. Moita xente pensamos que son algo máis que palabras. E queremos seguir coñecendo o POR QUE DAS COUSAS para que nunca máis teñamos que escoitar... "A letra con sangue entra", "Profesores, violadores de consciencias", "Toda esa merda coa que queren untar os colexios", "Son unos pequeños hilillos", "El fuel non llegará a las costas", "No es una marea negra", "Volveríamos a hacer lo que hicimos con el Prestige"...

O que sucedeu, o que sucede, non é ficción científica. Pasou un ano, si. E nos centros de ensino aprendemos moito máis do que podemos imaxinar. Soubemos traballar coa REALIDADE para recoñecer a MENTIRA. E cada palabra, cada debuxo, cada foto, cada número que se puxo ao servizo da EDUCACIÓN foron realidade. E a realidade transforma o futuro.

**AULAS PARA NON ESQUECER!** quere ser unha lección máis sobre a catástrofe do Prestige. Unha lección importante. Despois de 365 días de chapapote, queremos seguir aprendendo dos erros da humanidade.

Medios de Comunicación, censura, Democracia?      Parques naturais, pesca, fondos mariños  
Economía, cidadanía, traballo en precario      Subvencións, parlamento europeo, Manu Chao  
Arao, fuel-oil, Costa da Morte      Sardiña, creatividade, Cadea Humana, non á guerra...

**MAREAS NEGRAS, NUNCA MÁIS**



## Manifiesto lido por Cecilia Touceda Rey no cabodano do afundimento do Prestige

Xa pasou un ano...un ano no que xa comezamos a esquecer, pero...¿quen pode ser capaz?, no pensamento pode ser pero... no interior, dentro da nosa alma... imposible.

Eu denominaría este longo ano como o do meu despertar, non só meu senón de todas as conciencias da mocidade galega. ¿Quen non sentiu impotencia, rabia, dor ó ver cómo o prestixio duns poucos partía en dous e desprendía a negra mancha, o loito dos mariñeiros, das mariscadoras, das redeiras...?

Xa pasou un ano... un ano do meu nacer; eses días estaba eu de aniversario e esperaba un bonito agasallo, alegría, paz... pero en cambio esto foi o que recibín, ¿tan mal me por-tei?, ¿e as xentes do mar?

Dise que de súpeto non se pode madurar ¡Pero que pasa! Eu si que o sentín neses días, do 14 ó 19 deime de conta da miña cegueira, vendo nos medios unha noticia que nun principio non cría. Parecía de ficción científica. Abrín os ollos de par en par e descubrín o mundo sen esa fantasía coa que eu vivía, descubrín a verdadeira realidade, a realidade na que non me gusta vivir.

Xa pasou un ano... un ano longo e esvaradizo do que xa nos esquecemos, pero o espírito do Prestige segue aí, tan presente coma antes. ¿Por que os medios non informan?, ¿por que xa pasou a noticia espectáculo que todos buscaban?, ¿por que teñen medo de mancharse? ¿Hai unha man negra que os ameaza?, ¿ou intereses?; ¿e a liberdade de expresión?

Xa pasou un ano... e os culpables están aí, tan contentos e irresponsables coma no momento do Prestige, a guerra do Irak ou o día da súa elección...

¡Como o podemos consentir! É así, durante toda a historia os que tiñan o poder foron os crueis... Uns cazan animais, a outros todo lles parece ben e os que deben responder calan coma cans... quizais por vergoña da súa incompetencia, dos erros cometidos e un longo et-cétera.

Xa pasou un ano... e aquí estamos as persoas que na costa galega, na Costa da Morte, unimos as nosas mans observando cómo as ondas batían sobre as rochas formando a espuma branca dunha marea humana que intentaba combater o vulto negro que do mar profundo viña.

Xa pasou un ano... e coma hoxe dentro de 365 días temos que nos volver reunir, porque o problema do maldito barco para sempre estará aquí; nin anos, nin séculos; para sempre quedará na historia da Galiza unha mancha imborrable.

E, xa pasou un ano... Que o escoiten todos e todas:



**O PROBLEMA SEGUE AÍ, E É POR ISO QUE ESTAMOS AQUÍ, PARA QUE ¡NUNCA MÁIS!  
VOLVA OCORRER.**

**¡NUNCA MÁIS!**

Cecilia Touceda Rey é alumna de 1º A.

# VIAXE A LUGO

Ós informais alumno/as de Humanidades de 1º e 2º de Bacharelato, como somos tan bos, decidiron levarnos de excursión, e, claro, como é a única que nos ofreceron, decidimos ir. Nun principio pensamos que ía ser aburrida, pero para nada, pasámolo moi ben.

Sáímos o día 11 de abril ás nove da mañá con destino ao castro de Viladonga; alí puidemos ver a pasada e interesante vida dos nosos antepasados. Dende alí dirixímonos cara a Lugo, e tan só chegarmos, comezou a chover e así ata que regresamos; pero isto non foi un impedimento para poder pasalo ben.

O primeiro que fixemos ao chegar a Lugo foi ir ao noso hostel, aínda que, como ben nos adiantou Loli, a profe de Latín, era máis correcto chamarlle "hostaliño". A hora de comer foi "o mellor", sempre tarde, mal e arrastro; polo tanto, cada un/unha buscou un pouco a vida. Pola tarde, como planeamos, fomos ver unha traxedia clásica que parece ser que estivo moi ben e que resultou moi interesante, aínda que sería mellor preguntarlle a Loli e Cruces pois a maioría de nós estivemos durmindo. Parece ser que un dos actores, do que se supoñía que tiña que ter unha voz potente e grave, declamaba cunha voz sensiblemente aguda.

Ó finalizar a obra, regresamos ó hostel, perdón... hostaliño; é que non é o mesmo; poderíamos explicarnos as diferencias, pero non foi o máis destacable na excursión.

Seguro que todos estades pensando qué foi o que fixemos no tempo libre: pois ir de festa por aí. Iso foi o mellor de toda a excursión, a noite. Á medianoite saímos do "hostal" para regresar ás 2:30, como moi tarde. Cando chegamos á zona da movida non había moita xente, pero pronto demos co lugar axeitado para pasar unha noite de diversión total. Imaxínade rapaces de 18 anos nunha festa de Empresariais. Bailamos toda a noite, dedicáronnos cancións a todas e todos xuntos, pasámolo moi ben... xa nos entendemos, non fai falla detallar todo... pero sen botarlle demasiada imaxinación, non sexa que Cruces e Loli nos pidan explicacións e logo...

Logo desto, xa no "hostal", despois dunha noite de festa, supostamente era a hora de durmir, pero tampouco Cruces durmira, aínda que el si que tiña intención... Tivo que facer de garda nocturno para ninguén de nós saíse das habitacións.

Ao día seguinte fomos ver "un" museo e logo ao teatro a ver outra traxedia. Ben, xa sabe des, a descansar, que pola noite non durmimos nada. Á tarde volvemos ao teatro, pero esta vez "a cousa" cambiou moito porque vimos unha comedia e xa era imposible durmir porque se pasaba todo o tempo rindo. Ademais Loli, que ten coñecidos en todos os lugares, conseguiu poñer nos colocados/as diante de todo, si, si, xusto diante do escenario. Outra das causas polas que non podíamos durmir no teatro era os actores, moi guapos; non todos, claro, pero había dous...

Ben, despois desto regresamos a Caldas e acabou a nosa curta pero intensa viaxe. Como comprobastes, non fai falta ir tan lonxe nin moitos días para pasalo ben. Tomade nota.



Adriana Novás Constenla e Alexia Rodríguez Lemos 2º Bach. D

Boas, compañeir@s! Vou falar da excursión a Lugo e dunha data da que non me quero acordar pois non foi outro día có 11 M; por desgracia un día que quedará gravado na nosa memoria como unha resposta a unha guerra inxustificada.

Poderíamos poñernos sentimentais e seguir falando deste tema pero o que nos ocupa é outro, a excursión á cidade lucense, que vos relatarei deseguido.

Sáímos o xoves de mañá alumnos de bacharelato de letras de 1º e 2º. O obxectivo era asistirnos a unhas obras de teatro clásico durmindo alá o xoves á noite para virnos o venres de tarde.

Antes de chegarmos a Lugo, visitamos o castro de Vilalonga, no que algúns quedamos abraiad@s e outros "sobado@s" (a xulgar por algunhas caras) na explicación que nos deron no museo situado alí mesmo e ao percorrermos o castro e observar o seu "excelente" estado de conservación.

Despois seguimos a viaxe ata Lugo, perdémonos para atopar o hostel pero ao final demos con el, inda que máis ca hostel parecía de todo menos iso, mais non nos desgustou de todo. Nós, por exemplo, para evitarmos o mal cheiro, levamos un ambientador natural; cadaquén amañoouse como puido. Incluso houbo quen andaba a cambiar de habitación pola noite, provocando o enfado dalgún ca outro profe...

Deixamos as cousas nos cuartos e fomos comer, cada un/unha pola súa conta (flipamos para iso). Pola tarde fomos ver unha traxedia grega representada por uns alumnos de Madrid que afrontaron a obra e representaron excepcionalmente, sobre todo tendo en conta a situación vivida na súa cidade e talvez por algúns familiares seus.

Logo, á saída, tivemos tempo libre, andamos por aí, ceamos, preparámonos e fomos de "festa"... inda que estou totalmente seguro de que moit@s non se acordarán do que pasou, máis ca nada porque en Lugo chovía. Cando digo "chovía" non especifico se foi por dentro ou por fóra.


Ao día seguinte, levantáronse @s que durmiron; os que non pegamos ollo simplemente nos duchamos, ben, algúns, porque outros a auga nin a cheiraron... ha, ha, ha.

Almorzamos empapándonos de informacións recentemente chegadas de Madrid e fomos ver un museo, pero non sei qué pasou porque tiñamos reserva e estaba pechado. Así que nos diriximos ao museo provincial. O cansazo notábase e a moitos fechábanse os ollos atendendo ás explicacións. Pero, sen dúbida, estivo moi ben. Entón marchamos, a paso lento ata que nos apresurou Loli cun grito de énfase para chegarmos a tempo a unha representación dunha obra na que por insistencia nos deixaron pasar (tamén dixeron que estaba ben). Moit@s aproveitamos a pouca luz para que non se nos visen os ollos pechados (por certo, bos asentos).


Despois fomos comer (algúns e algunhas metéronse no medio doutra excursión incluso). Despois de enchermos os bandullos ou tentarmos encheiros, vimos unha comedia na que foron menos @s que pecharon os ollos porque a moitas lles pingaba a baba polos "herculíneos" actores (ha, ha, ha), inda que outros respectamos a sesta.

E, finalmente, bus e para a casa.






Conclusión: non se pode durmir tanto.




Héctor García Salvado Bach. E



# BANDA DESEÑADA







# Sentimento de culpabilidade

Xoán era un rapaz duns dezaseis anos. Era moreno e de ollos azuis; polo que digo parece guapo, pero non, era feo; e por iso e porque era moi calado, criticábano no seu colexio. Cando ía polos corredores, tiña que oír:

- Mira, Pedro, mira qué feo é ese. ¡Feo, subnormal, papán!

E el nin sequera lles dirixira a palabra para que o insultasen. Na casa non o sabían e, á parte disto, tivo un problema familiar: seus pais morréranslle cando el tiña doce anos. E agora vive co seu irmán máis vello.

Un día no colexio un profesor preguntoulle a capital de Rusia e el respondeulle:

-Non o sei. Perdoe, ¿poderíame dicir cal é? Non o estudiei porque onte tiveron un problema.-O problema era que o día anterior se enterrara súa avoa e non puidera estudar. E o peor de todo, aínda que o soubese ou non, foi o que lle dixo o mestre:

-Ti es un lacazán, vas suspender, nunca estudias, es un burriqueiro.-E todos os compañeiros se rían del.

No colexio tiña sona de marxinado e ninguen lle falaba. Un día á saída do colexio uns rapaces insultárono; el mirou cara a eles, e por miralos xa lle deron unha malleira.

Cando chegou á casa díxolle ó seu irmán que caera da bicicleta. O irmán díxolle:

-¡Porque ti non sabes andar nin sequera en bicicleta!, ¡es un burro!

Todo o mundo lle chamaba burro, lacazán, subnormal, etc. Pero nun test que fixera do coeficiente intelectual el dera o máis alto de todo o colexio.

Despois de que seu irmán o insultase, pensou para si mesmo: "esto é o último que soporto na miña vida. Os rapaces da clase, vale; os profesores, pasa; pero meu propio irmán, ¡non o podo crer!".

Entón colleu unha corda e marchou para o soto. Fixo o que ninguén se podía imaxinar: atou a corda a unha viga que había no teito e colgouse dela; morreu aforcado.

Ó día seguinte seu irmán atopouno no soto morto; botouse a chorar e, como se deu de conta de que fóra polo que lle dixera, matouse el tamén.

Fixéronlles o enterro ós dous; veu a xente de toda aldea, de toda a provincia, etc. O máis increíble é que eses rapaces e profesores que o insultaban e pegaban eran os que máis choraban. ¿Sentiríanse culpables?

Alejandro García Fernández 4º ESO



# ENCRUCILLADO

	A	B	C	D	E	F	G	H	I	L
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										


1- Urces, carrouchas. Empeño, ganas. 2- Canso. Posuíu. 3- Filla a miña nai. Escóitaas. 4- Cómenchella os ratos. 5- É parecida ao sapo. 6- Obriga a ter certo destino. 7- Río coruñés. Do revés, ganas de durmir. 8- As que paren. Vehículo espacial. 9- Díselles aos cabalos para que anden. Por onde se colle a pota para que non queime.

A- Cheirar. Roda. B- Non precisamente barato. Andar pola rúa. C- Nin ese nin aquel. Xefe musulmán. D- Emiten sons. Entregase. E- Coida, opina. F- Igual ca “vas caer”, ... caer. G- Obture. Nata do leite. H- Leal. Respiras mal. I- Garantía. Do trinque, en feminino. L- “A ... Terra”, periódico. Carta máis alta da baralla.

Entrega unha fotocopia co encrucillado completado na bedelería.

Premiarase cun CD de música galega a quen resulte elixido por sorteo entre os encrucillados correctos.

# OUTROS MUROS PARA DERRUBAR



Aquela mañá saímos de Caldas bastante animados/as para facer un treito do Camiño de Santiago ao revés. O que pretendíamos era chamar a atención sobre o que a maioría da xente entende como normal, o que, ben mirado, non é tan normal. Varias fronteas foron as destacadas por nós: a loita pola igualdade de dereitos da muller, dos pobres, d@os que falamos galego... Quixemos derrubar eses muros e camiños que moita xente interpreta como normais e non



son máis ca seculares repeticións do que dende hai séculos se vén facendo no mundo verbo contra os colectivos marxinaos: contra a diglosia, contra o capitalismo que crea máis xente pobre ca rica, contra a persistente emigración, contra a xenofobia, o racismo, a insolidariedade, o clasismo social...

Saímos a eso das nove para andar uns cinco quilómetros da parte do Camiño que está preto de Sarria (Lugo). Partimos dun mesón no medio dun cumio (Ferreiros) ata chegarmos a outro mesón a par da estrada, o que estaba moi ben para tomar algo, aínda que ao longo do percorrido había casas abundas para facelo. Tamén para mexar, claro. A camiñata íanos levar arredor dunha hora mais alguén deu en tomar unha desviación á esquerda no medio do tramo e alá quedaron descolgados do grupo (eramos cen persoas) ata que algún profe botou a correr tras eles e conseguiu chamalos polo móbil. Resulta que non preguntaran por ónde era e, cando o fixeron, como non tiñan nin idea de en qué parte da Galiza estabamos, preguntáronlle a un paisano cara a ónde quedaba O Cebreiro (que está a 50 km de alí). O bo do home díxolles que para adiante, claro. Se chegan a preguntar se ese era o camiño, acababan antes, pero non houbo máis luces no grupo. Tampouco se percataron de que había tempo que non vían ningunha frecha amarela nin se cruzaban con camiñantes, que eran moitos/as. Ata nos cruzamos cun equipo enteiro de ciclistas a toda marcha que case nos atropelan. A paisaxe era fermosísima (carballas centenarias) e o contorno da vía estaba en bastante boas condicións. Perdemos case media hora sobre o horario previsto aínda que pouco antes das tres da tarde chegamos ao Cebreiro, onde había unha morea de xente coma nós esperando o concerto e comprando camisetas de areanegra, discos, recordos...

Comemos e en pouco tempo empezou o espectáculo. Estaba amenizado por unha parella de humoristas que presentaban os grupos. Alí tocou un grupo folk (Stranniki), cantaron e bailaron a bo ritmo unhas caboverdianas de Burela e un *dije* e varios rimadores de Ordes (Os Ghamberros, do colectivo Deus ke te crew) amenizaron con moi boas letras a tarde ata as seis. O tempo foinos favorábel porque non choveu pero ía unha viruxe de medo. Eso si: cando saía o sol, queimaba de raio, nunca mellor dito. Algúns e algunhas estabamos coa cara chamuscadiña ao día seguinte.

Xa de volta, paramos nunha gran gasoleira a respostar enerxías (O Cebreiro queda na raia con León) e "cambiar o aceite". Chegamos cansos mais contentos de defendermos unha visión distinta e solidaria coa nosa sociedade.



# O HIP-HOP



O hip-hop xorde nos EE.UU. Nas clases baixas da sociedade, xeralmente de raza negra, que comezan a improvisar rimas coa súa voz e con acompañamentos de percusión e diferentes maneiras de xogar coa boca para facer ritmos. Posteriormente se incor-

porarían dixeis. Debido a isto, ata hai pouco foi un estilo de música minoritario, por dicilo dalgunha maneira. Incluso o racismo ataca este estilo. Un exemplo tirámolo da película "American History X", na que os nazis non escoitaban rap nin fumaban marihuana polo feito de ser "cousas de negros".

Dende non hai moito comezouse a estender por outras partes do mundo, como Francia, onde hai unha gran poboación rapeira dando lugar a moitos tipos de fusións con outras músicas, como é o caso de Manau, mesturándoas coa música celta.

En España están a xurdir bos grupos, tales como Trovadores de la lírica, Doble V, Nach Scratch... Tratan temas de carácter reivindicativo: o racismo, o maltrato, o desprezo, o capitalismo ou a ilegalización, atacando todo aquilo que se ve necesario criticar sen pelos na lingua e sen importarlles o que dirán.


Como afirmamos antes, no caso de Manau, no hip-hop estatal tamén existen fusións con outras músicas, como os casos de Kannon e Ndro, que xa serían rap metal.

Dentro do ámbito español, novamente, tamén existen varios estilos dependendo do lugar, como o hip-hop sureño, que a miúdo se mestura con estilos flamencos, ou o galego, que nace hai pouco e que cobra auxe grazas á subida da fama do hip-hop, inda que de momento carece de impulso para competir no mundo musical estatal.

Finalmente, o hip-hop é unha música urbana, de carácter reivindicativo, con letras duras que critican a sociedade. Este feito de ser urbano tamén se relaciona con outras artes da rúa (o grafitti como xeito de expresión), ou incluso con deportes urbanos como o patín, o freestyle... E como todo desenvolve a súa propia moda, con roupa frouxa e zapatillas cómodas para sentirse a gusto e loitar contra unha sociedade que non nos comprende.

Héctor García Salvado 1º Bach. E

# AS MAIORÍAS



Dende a miña xuventude (aínda son mozo) díxéronme que a democracia era a mellor forma de goberno. Isto na teoría é así xa que calquera persoa se pode presentar a un concello, un senado ou a presidente do goberno. Pero o problema da democracia son as maiorías absolutas; estas só se dan cando a maioría de votantes dun país está cun programa político e non teñen por qué estar de acordo co que di o representante dese partido político. Non pode ser, cando chega un goberno, que cada un faga o que lle dea a gana. Aínda que represente a maioría da poboación, un gobernante non pode facer oídos xordos a un pobo, como fixo Aznar meténdose nunha guerra ilegal. Hai que escoitar a vontade popular cando se manifesta en contra ou a favor; esa é a auténtica democracia, contar co pobo sempre, nunca darlle as costas; ou cabe a posibilidade de que se acabe a democracia ou que o pobo lle pase factura nalgún momento por todo o ocorrido, e sobre todo polo 11 de Marzo, cando si se deu paso en España a unha verdadeira democracia, onde, aínda que governe un só partido, este deberá someterse ao parlamento dos deputados se quere aprobar algunha lei ou mesmamente para gobernar o país.

Dende a miña mais humilde posición de votante pídolle a este novo goberno que exerza a palabra "democracia" non só na teoría senón tamén na práctica e se preocupe de escoitar o pobo nas decisións máis importantes que leve a cabo; como cando este por maioría aprobou a nosa carta magna e como o pobo por maioría quixo entrar na Unión Europea. Con estas maiorías pódese levar a cabo unha boa

política en España e nos demais países do mundo. Tamén reclamo con todo isto que se lle dea máis importancia ao pobo non só cando se vota senón tamén en tódalas mobilizacións masivas populares.



F. J. Magariños

2º Bach. A

## PREXUÍZOS CONTRA O IDIOMA

Tod@s oímos moitas veces argumentos para desculpar por qué non se emprega o galego en diversos ámbitos. Expoñeremos algúns e faremosvos ver a súa irracionalidade.

Non é raro escoitar que o galego só se usa aquí, que somos pouc@s galegofalantes. Ademais dise que para qué nos vale o galego fóra se temos que emigrar. Xa afirmou Castelao hai tempo que o problema consiste en eliminar esta lacra social secular e non a lingua. O que non se quere ver é que nos entenden en Portugal, Brasil, Moçambique, Angola, Cabo Verde, Timor Leste... Iso non xustifica que se deixe de usar. Tamén son poucos os falantes de letón, lituano, maltés etc. e todo o mundo acepta que falen no seu idioma. Acéptase para @s de fóra pero non para @s de aquí.

Tamén se defende que, por exemplo, unha nai alemana que viva aquí lles fale ós fill@s en alemán mais a sociedade galega abráiase de que se lles fale ós cativos en galego, no idioma dos proxenitores e do país. Esta falta de transmisión lingüística de nais a fillos é unha das causantes da progresiva desaparición de galegofalantes. Como vai a mocidade falar galego se non se lle aprende na familia, o ambiente máis influente sobre aquela; nin na escola, pola comodidade ou miopía sociolingüística dalgúns ensinantes?

Verbo do argumento que defende que debemos usar o castelán porque os de fóra non nos entenden, aínda que na televisión, por certo, nunca subtítulen as palabras dos galegofalantes, hai que dicir que non coñezo sociedade que abandone o seu idioma para que este sexa entendido pol@ demais. Que educados somos, vaia!

Outra desculpa para abandonar o noso código lingüístico é que está imposto sobre o castelán, que é pouco democrático, coma calquera imposición. Á sociedade moléstalle que a democracia permita a protección dun idioma en vías de desaparición; por iso a Xunta debe protexelo en primeiro lugar fronte ao castelán, que non necesita esa defensa pois a súa existencia está máis ca asegurada xa que non descende o número de castelanfalantes. Tampouco se percibe que a lingua tenda a extinguirse, e iso que as estatísticas indican que a diminución do número de galegofalantes é alarmante, sobre todo na poboación moza das vilas e cidades, ámbitos cun claro aumento de poboación fronte á aldea, que perde habitantes e era o ámbito en que o galego se mantiña máis vivo. Resultan curiosas as mobilizacións contra a desaparición de especies animais e vexetais fronte á despreocupación pola perda do idioma, que é fonte inesgotable de arte: a literatura oral e escrita (de novo debemos lembrar que isto xa o argumentou Castelao hai anos).



Algunhas persoas afirman que falar galego é unha moda actual, non o perciben como un intento por parte da sociedade moza de recuperar o que se está perdendo. Ao non existir concienciación do problema, o cal é fundamental para comprender a situación do galego, calquera argumento lles vale para expresar a súa diglosia, o seu complexo lingüístico. Usar o galego co médico, cos mestres e profesores, cos alleos... dálles vergoña. Non entenden que ese complexo de inferioridade non teñen por qué telo @s demais, e transmíteno sen se decataren das consecuencias: a perda do idioma.

Tamén hai xente que di que emprega o castelán porque é a lingua que lle ensinaron e non ten culpa diso. Certo, non ten culpa; pero iso non a exime de tomar unha actitude positiva e combativa pola súa persistencia, sobre todo cando no ensino (todo o mundo pasa pola escola hoxe en día), na materia obrigatoria de Lingua Galega, se explica a problemática do idioma.

Outro argumento moi usado é o feito de escudarse na dificultade da escritura do galego fronte ao uso oral (moi castellanizado, por certo) para non empregalo por escrito aínda que si na fala. Non obstante, tamén é difícil non cometer erros en castelán, tamén na fala, e non por iso deixa de escribirse. Resulta máis fácil caer na comodidade de non ter que esforzarse por aprender dous códigos escritos. Con un chega, pénsase. E así por diante.

Mentres sigamos pensando que a lingua ten un valor de prestixio social e non un valor comunicativo, afectivo e nacional, nunca poderemos recuperala. Depende de nós. Depende de ti.







RUXE XUDR RUXE XUDR